

*Orde do 19 de maio de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos a plans empresariais de estabilidade laboral, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008.*

Mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, esta comunidade autónoma asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación e, a través dos decretos 211/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia e o Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, modificado polo Decreto 20/2007, do 22 de febreiro, e polo Decreto 14/2008, do 7 de febreiro, a Consellería de Traballo asume o exercicio das competencias e funcións, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

Corresponde pois á Consellería de Traballo a xestión das subvencións e axudas públicas das políticas activas de emprego no marco establecido no artigo 40 da Constitución española, na Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, nos artigos 29 e 30 do Estatuto de autonomía de Galicia, nos obxectivos de crecemento e emprego da Unión Europea, e no Acordo sobre obxectivos e medidas de emprego de Galicia.

Impulsado polo Goberno o proceso de Diálogo Social de Galicia, e como resultado deste, a Xunta de Galicia, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), a UGT-Galicia e o Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia subscribiron o 5 de febreiro de 2007 o Acordo sobre obxectivos e medidas de emprego de Galicia, que establece os obxectivos que cómpre acadar en materia de emprego neste período na liña de converxencia coa media do Estado e coa de Europa, e as medidas e recursos que se implementarán para a consecución destes obxectivos, iniciándose unha nova etapa no marco das relacións laborais.

Establecidas no mesmo as medidas para acadar os obxectivos de estabilidade, establécese a posta en marcha de programas de promoción e xestión de plans de estabilidade que establezan taxas sectoriais a acadar e analicen a situación dos distintos sectores de actividade. A estas medidas dá resposta esta orde.

A Consellería de Traballo, consciente da importancia de que as taxas de estabilidade dos diferentes sectores de actividade se determinen mediante un acordo sectorial consensuado e pactado no ámbito territorial de Galicia, regula para o ano 2008 nunha orde independente, o procedemento e os requisitos para acadar os acordos sobre a taxa de estabilidade nos diferentes sectores de actividade.

As características e requisitos dos incentivos xerais á contratación indefinida tanto inicial como por transformación de contratos temporais en indefi-

nidos que se realicen como consecuencia de plans de estabilidade a nivel de empresa, para o ano 2008, son regulados nesta orde.

As bases reguladoras do programa regulado nesta orde establecen un procedemento de concesión que non ten a consideración de concorrencia competitiva, dado que, de acordo coa finalidade e obxecto do programa, non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión das axudas se realiza pola comprobación da concorrencia no solicitante dos requisitos establecidos ata o esgotamento do crédito orzamentario.

Neste marco de actuación, as bases reguladoras destes incentivos e a súa convocatoria, para este exercicio, axústanse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en canto non se opoña ao establecido nesta lei, ao Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, na Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008 e, no que resulte de aplicación a Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

O programa de plans empresariais de incremento da estabilidade laboral está cofinanciado polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80% a través do Programa Operativo de Galicia do Fondo Social Europeo no marco de converxencia, aprobado pola Decisión da Comisión Europea C (2007) 6733, do 18 de decembro de 2007. Este cofinanciamento do Fondo Social Europeo farase constar expresamente nas resolucións de concesión.

Por todo o exposto, e no desenvolvemento da planificación presentada ante o Comité Autonómico de Emprego, na súa reunión do día 28 de novembro de 2007, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, modificada pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

**DISPOÑO:**

CAPÍTULO I  
ÁMBITO E RÉXIME DE AXUDAS

*Artigo 1º.-Obxecto, finalidade e principios de xestión.*

1. Coa finalidade de fomentar a creación e consolidación do emprego fixo e de calidade a través dun programa específico de estímulo e apoio ao cambio estrutural cara a un maior nivel de estabilidade, dos cadros de persoal das empresas instaladas en Galicia, esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2008 dos incentivos á contratación indefinida inicial ou por transformación de contratos temporais en indefinidos, xa sexan a tempo completo xa a tempo parcial, incluídos os traballos fixos-descontinuos, que se

realicen como consecuencia de plans empresariais de estabilidade laboral, segundo a definición establecida no artigo 5º desta orde.

2. Para os efectos das axudas recollidas nesta orde, terán a consideración de persoas desempregadas aquelas que no momento da súa contratación estean inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego e, pola súa vez, carezan de ocupación segundo o informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

3. As solicitudes, tramitación e concesión destas axudas e subvencións axustaranse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en canto non se opoña ao establecido nesta lei, ao Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, na Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008 e, no que resulte de aplicación a Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e nesta orde.

4. A xestión deste programa realizarase de acordo cos seguintes principios:

a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.

b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Traballo.

c) Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

#### Artigo 2º.-Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios dos incentivos previstos nesta orde as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídos autónomos e as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestaren servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos requisitos e condicións que se establecen nesta orde, e non incorran nas circunstancias previstas nos números 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de sociedades civís e comunidades de bens, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, corresponden á agrupación.

2. Non poderán ser beneficiarios destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

#### Artigo 3º.-Ámbito de aplicación.

1. Os plans empresariais de estabilidade, para poderen acollerse a este programa, deberán axustarse ao seguinte:

a) As empresas pertencentes a sectores de actividade vinculados a acordos sobre a taxa sectorial de estabilidade, acadados segundo o establecido na orde pola que se establece o procedemento e os requisitos para acadar os acordos sobre a taxa de estabilidade en sectores de actividade, deberán cumprir o establecido no acordo sobre a taxa sectorial de estabilidade do sector a que pertenza a empresa solicitante dos incentivos, de acordo co establecido na dita orde ou na resolución do director xeral de Promoción do Emprego, se non houber acordo.

b) As empresas pertencentes a sectores de actividade non vinculados a acordos sobre a taxa sectorial de estabilidade deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 5.2º desta orde.

2. En ambos os casos, os plans deberán estar elaborados antes do 31 de xullo de 2008, sendo subvencionables ao abeiro desta orde as contratacións realizadas entre o 1 de outubro de 2007 e o 30 de setembro de 2008, e sempre que se trate de:

-Contratacións indefinidas iniciais realizadas con persoas traballadoras desempregadas que estean inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego no momento da contratación e que, pola súa vez, carezan de ocupación segundo o informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

-Conversiones en indefinidos de contratos temporais ou de duración determinada celebrados con anterioridade á entrada en vigor desta orde, calquera que sexa a modalidade contractual obxecto de transformación. A limitación temporal anterior non será de aplicación nos seguintes supostos:

-Cando se trate da transformación en indefinidos de contratos formativos, de revezamento ou de substitución por anticipación da idade de xubilación.

-Cando se trate de contratos de interinidade. En todo caso, a súa transformación en indefinidos só será subvencionable cando se manteña o posto da persoa traballadora substituída, o que terá que acreditarse.

No caso de transformación de contratos temporais a tempo completo, a xornada do novo contrato indefinido será tamén a tempo completo, agás as transformacións de contratos temporais en indefinidos na súa modalidade de fixo-descontinuo.

Nos supostos de transformación de contratos temporais a tempo parcial, a xornada do novo contrato indefinido deberá ser, como mínimo, igual á do contrato que se transforma.

Para os efectos desta orde, entenderase que se produce a transformación en todos aqueles casos en que ambas as modalidades contractuais se sucedan sen ruptura da relación laboral coa empresa, incluídos

aqueles supostos en que o inicio da relación laboral indefinida ten lugar ao día seguinte ao remate da vixencia do contrato temporal, incorporándose á empresa con carácter estable sen ruptura de continuidade na relación laboral.

A conversión en contratos indefinidos dos contratos temporais ou de duración determinada non será subvencionable cando teña a súa orixe no cumprimento de obrigas legais.

3. As ditas contratacións iniciais e transformacións de contratos temporais en indefinidos para poderen ser obxecto de subvención deberán formalizarse por escrito e comunicarse á oficina do Servizo Público de Emprego na forma regulamentariamente establecida.

4. Para os efectos do cálculo da taxa de estabilidade e do incremento do persoal fixo na empresa, ao persoal contratado con contratos de interinidade consideraráselle a mesma condición de fixo ou temporal que a persoa que substitúe. Se o traballador con contrato de interinidade substitúe un traballador con obriga de cotización, e que consta no TC2, o interino non se computa.

#### Artigo 4º -*Exclusións.*

Exclúense dos beneficios do programa establecido nesta orde:

a) As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadoras ou traballadores para prestaren servizos noutras empresas mediante contratos de posta á disposición.

b) Os contratos realizados co/a cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou de quen desempeñe cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estas últimas persoas. Non será aplicable esta exclusión cando o empregador sexa un traballador/a autónomo/a que contrate como traballador/a por conta allea aos fillos/as menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con el, ou cando se trate dun traballador/a autónomo/a sen asalariados/as, e contrate un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

c) Contratacións realizadas con traballadores ou traballadoras que, nos 24 meses anteriores á data da contratación, prestasen servizos na mesma empresa ou grupo de empresas mediante un contrato por tempo indefinido.

O disposto no parágrafo precedente será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior da traballadora ou do traballador con empresas ás cales o solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.

d) Traballadoras e traballadores que finalizasen unha relación laboral de carácter indefinido nun prazo de 3 meses previos á formalización do contrato polo que se solicita a subvención, agás que a dita relación laboral finalizase por causa dun despedimento recoñecido ou declarado improcedente ou se extinga por algunha das causas sinaladas nos artigos 51 e 52 c) do Estatuto dos traballadores.

## CAPÍTULO II

### DEFINICIÓN, REQUISITOS E CONTIDO DOS PLANS EMPRESARIAIS DE ESTABILIDADE LABORAL

#### Artigo 5º.-*Definición.*

Para os efectos desta orde, terán a consideración de plans empresariais de estabilidade laboral:

1. Plans empresariais de estabilidade vinculados a acordos sobre a taxa sectorial de estabilidade. Son aqueles que, tendo a súa orixe nun acordo sobre a taxa sectorial de estabilidade, segundo o establecido na orde que establece o procedemento e os requisitos para acadar os acordos sobre a taxa de estabilidade en sectores de actividade, se elaboren a nivel de empresa e prevexan a realización dun número de contratacións indefinidas iniciais ou por transformación de contratos temporais en indefinidos acadando, cando menos, as taxas de estabilidade previstas no acordo sobre a taxa sectorial de estabilidade de aplicación.

Serán subvencionables ao abeiro destes plans de estabilidade as contratacións realizadas no período comprendido entre o 1 de outubro de 2007 e o 30 de setembro de 2008 coas que, no seu conxunto, se acaden, como mínimo os seguintes resultados:

a) Acadar a taxa de estabilidade mínima establecida para o período comprendido entre o 1 de outubro 2007 e o 30 de setembro 2008 no acordo sobre a taxa sectorial de estabilidade.

b) Un incremento de emprego fixo, de modo que superen a media aritmética do cadro de persoal fixo da empresa en Galicia no período comprendido entre o 1 de outubro de 2006 e o 30 de setembro de 2007, ambos inclusive, sendo unicamente subvencionables as contratacións que superen a dita media.

Para os efectos do establecido no parágrafo anterior, no cómputo do cadro de persoal fixo, non se terán en conta as baixas que se producisen por propia vontade da persoa traballadora, ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez legalmente recoñecidas.

c) As contratacións indefinidas iniciais deberán supoñer un incremento neto do emprego total respecto da media acadada no período comprendido entre o 1 de outubro de 2006 e o 30 de setembro de 2007, de modo que superen a media aritmética da totalidade do cadro de persoal da empresa en Galicia no período de referencia.

d) En ningún caso as contratacións indefinidas realizadas poderán implicar unha diminución da totalidade das persoas traballadoras, no conxunto dos centros de traballo da empresa en Galicia na

media do período comprendido entre o 1 de outubro 2006 e o 30 de setembro de 2007.

2. Plans empresariais de estabilidade non vinculados a acordos sobre a taxa sectorial de estabilidade. Son aqueles que elaboren as empresas pertencentes a sectores de actividade en que non existe acordo sectorial sobre a taxa de estabilidade e acaden os seguintes resultados:

a) A taxa de estabilidade do cadro de persoal da empresa que se acade como consecuencia das contratacións deberá ser igual ou superior ao 75%.

b) Un incremento, como mínimo, de 5 puntos da taxa de estabilidade do cadro de persoal da empresa en Galicia respecto da media acadada no período comprendido entre o 1 de outubro de 2006 e o 30 de setembro de 2007, ambos inclusive.

Cando a empresa teña no período de referencia unha taxa de estabilidade igual ou superior ao 80%, non será exixible o incremento de 5 puntos establecido no parágrafo anterior. Non obstante, a empresa deberá acadar coa execución do plan unha taxa de estabilidade superior á do período de referencia.

c) Incremento do emprego fixo, de modo que superen a media aritmética do cadro de persoal fixo da empresa en Galicia no período comprendido entre o 1 de outubro de 2006 e o 30 de setembro de 2007, sendo unicamente subvencionables as contratacións que superen a dita media.

Para os efectos do establecido no parágrafo anterior, no cómputo do cadro de persoal fixo, non se terán en conta as baixas que se producisen por propia vontade da persoa traballadora, ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez legalmente recoñecidas.

d) As contratacións indefinidas iniciais deberán supoñer un incremento neto do emprego total respecto da media do período comprendido entre o 1 de outubro de 2006 e o 30 de setembro de 2007, de modo que superen a media aritmética da totalidade do cadro de persoal da empresa en Galicia no período de referencia.

e) En ningún caso as contratacións indefinidas realizadas poderán implicar unha diminución da totalidade das persoas traballadoras no conxunto dos centros de traballo da empresa en Galicia na media do período comprendido entre o 1 de outubro de 2006 e o 30 de setembro de 2007.

3. Para os efectos do establecido nos puntos anteriores entenderase por taxa de estabilidade a porcentaxe de persoas traballadoras fixas sobre o total do cadro de persoal no conxunto dos centros de traballo da empresa en Galicia.

Para o seu cálculo, en cómputo anual, terase en conta a media aritmética do cadro de persoal fixo e temporal nos períodos de referencia establecidos nos puntos anteriores.

4. Os plans empresariais de estabilidade laboral, para os efectos previstos nesta orde, deberán facer

referencia expresa, entre outros, aos seguintes extremos:

a) Calendario de execución do plan empresarial con especificación das contratacións que se realizarán no período de execución do plan comprendido entre o 1 de outubro de 2007 e o 30 de setembro de 2008, e que poderán ser obxecto de subvención ao abeiro desta orde.

b) Identificación dos centros de traballo que a empresa posúa en Galicia, con indicación do número de persoas traballadoras fixas e temporais empregadas no período comprendido entre o 1 de outubro de 2006 e o 30 de setembro de 2007.

c) Indicación da media aritmética da totalidade do cadro de persoal da empresa no conxunto dos centros de traballo en Galicia no dito período, así como a referida ao cadro de persoal fixo e temporal no mesmo período de referencia.

d) Taxa de estabilidade do cadro de persoal da empresa en Galicia acadada na media do período comprendido entre o 1 de outubro de 2006 e o 30 de setembro de 2007.

e) Estrutura prevista do cadro de persoal da empresa en Galicia no último mes de execución do plan, con indicación do número de persoas traballadoras fixas e temporais e con expresión da taxa de estabilidade acadada e do incremento que represente respecto da taxa inicial.

5. Estes plans deberán constar por escrito no modelo normalizado que figura como anexo desta orde, asinado polo representante da empresa. Da presentación do plan deberán ser informados os representantes legais do cadro de persoal da empresa.

#### Artigo 6º.-*Incentivos.*

1. Os incentivos ás contratacións indefinidas, iniciais ou por transformación de contratos temporais ou de duración determinada, incluídos os fixos discontinuos, determinaranse en atención á taxa de estabilidade que a empresa acade como consecuencia das contratacións realizadas no período de referencia e segundo se trate, de contratación inicial ou de conversión de contratos temporais en indefinidos.

2. Plans empresariais de estabilidade vinculados a acordos sobre a taxa sectorial de estabilidade. Subvencionaranse de acordo coa seguinte escala:

a) Contratacións indefinidas realizadas para acadar a taxa de estabilidade mínima que estableza o acordo sobre a taxa sectorial de estabilidade e ata a dita taxa incrementada nun 50% da diferenza entre a taxa de estabilidade mínima e a taxa de estabilidade inicial:

a.1) As contratacións indefinidas iniciais de persoas desempregadas que reúnan os requisitos establecidos no artigo 3º desta orde incentivaranse cunha axuda de 3.000 euros, incrementándose a 3.750 euros cando as contratacións se realicen con mulleres.

a.2) As transformacións de contratos temporais en indefinidos que reúnan os requisitos establecidos no artigo 3º desta orde incentivaranse cunha axuda de 2.500 euros, incrementándose a 3.250 euros cando as contratacións se realicen con mulleres.

b) Contratacións indefinidas coas cales se acade una taxa de estabilidade superior á taxa de estabilidade mínima incrementada nun 50% da diferenza entre a taxa de estabilidade mínima e a taxa de estabilidade inicial:

b.1) As contratacións indefinidas iniciais de persoas desempregadas que reúnan os requisitos establecidos no artigo 3º desta orde incentivaranse cunha axuda de 4.500 euros, incrementándose a 5.500 euros cando as contratacións se realicen con mulleres.

b.2) As transformacións de contratos temporais en indefinidos que reúnan os requisitos establecidos no artigo 3º desta orde incentivaranse cunha axuda de 3.750 euros, incrementándose a 4.500 euros cando as contratacións se realicen con mulleres.

3. Plans empresariais de estabilidade non vinculados a acordos sobre a taxa sectorial de estabilidade:

Os incentivos ás contratacións indefinidas determinarase en atención ás taxas de estabilidade que a empresa acade como consecuencia das contratacións realizadas no período de referencia e segundo se trate, de contratación inicial ou de conversión de contratos temporais en indefinidos, de acordo coa seguinte escala:

a) Taxa de estabilidade acadada do 75% e ata ao 90%:

a.1) As contratacións indefinidas iniciais de persoas desempregadas que reúnan os requisitos establecidos no artigo 3º desta orde incentivaranse cunha axuda de 3.000 euros, incrementándose a 3.750 euros cando as contratacións se realicen con mulleres.

a.2) As transformacións de contratos temporais en indefinidos que reúnan os requisitos establecidos no artigo 3º desta orde incentivaranse cunha axuda de 2.500 euros, incrementándose a 3.250 euros cando as contratacións se realicen con mulleres.

b) Taxa de estabilidade acadada de máis do 90%:

b.1) As contratacións indefinidas iniciais de persoas desempregadas que reúnan os requisitos establecidos no artigo 3º desta orde incentivaranse cunha axuda de 4.500 euros, incrementándose a 5.500 euros cando as contratacións se realicen con mulleres.

b.2) As transformacións de contratos temporais en indefinidos que reúnan os requisitos establecidos no artigo 3º desta orde incentivaranse cunha axuda de 3.750 euros, incrementándose a 4.500 euros cando as contratacións se realicen con mulleres.

Cando se trate de contratacións a tempo parcial a contía da subvención será proporcional ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de apli-

cación ou, no seu defecto, da xornada ordinaria máxima legal.

### CAPÍTULO III

#### COMPETENCIA E PROCEDIMENTO

##### Artigo 7º.-*Competencia.*

A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas e subvencións presentadas ao abeiro desta orde, por delegación do conselleiro de Traballo, corresponderalles:

1. Ás delegadas e delegados provinciais da Consellería de Traballo cando todas as contratacións con orixe no plan empresarial de estabilidade laboral se realicen para prestar servizos en centros de traballo radicados na respectiva provincia, agás nos supostos previstos no punto seguinte.

2. Ao director xeral de Promoción do Emprego, nos seguintes supostos:

a) Cando as contratacións derivadas do dito plan se realicen para prestar servizos en centros de traballo radicados en varias provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Cando os ditos plans prevexan que a solicitude se realice pola contratación indefinida de 30 ou máis traballadoras e traballadores no ámbito territorial de Galicia.

##### Artigo 8º.-*Solicitudes e prazo.*

1. As solicitudes de axudas e subvencións dirixíranse ao órgano competente para resolver, e presentaranse nos rexistros das respectivas delegacións provinciais ou, se for o caso, na Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo, ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As solicitudes e os anexos desta orde están dispoñibles na páxina web da Consellería de Traballo: <http://traballo.xunta.es/>.

3. O prazo para a presentación das solicitudes de axudas finalizará o 31 de xullo de 2008.

A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo achegar entón as devanditas certificacións coa solicitude.

4. Mediante a presentación da solicitude de subvención o interesado presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións

impostas, nos rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 (DOG nº 153, do 9 de agosto). Os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o CIXTEC como responsable dos ficheiros, con domicilio na rúa Domingo Fontán 9, 15702 Santiago de Compostela, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

5. Coa presentación da solicitude de subvención o interesado autoriza expresamente a Consellería de Traballo para que de acordo co establecido nos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario con que se implantan, a entidade beneficiaria, a contía concedida e a finalidade das subvencións e na páxina web oficial da Consellería de Traballo.

6. Para a presentación das solicitudes de axudas, os beneficiarios poderán contar coa información e asesoramento dos axentes de emprego da rede coordinada pola Consellería de Traballo ([www.tecnicosempregogalicia.xunta.es](http://www.tecnicosempregogalicia.xunta.es)).

#### Artigo 9º.-*Documentación.*

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos desta orde, xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

1. Se o solicitante é persoa física, DNI e acreditación do NIF, e se é persoa xurídica, DNI e poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da entidade e CIF da empresa.

2. As previsións de contratacións iniciais e transformacións de contratos temporais en indefinidos coas cales, no seu conxunto, se acaden os requisitos previstos no artigo 5º desta orde, no modelo normalizado (anexo III).

3. Declaración do cadro de persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no período de referencia, no modelo normalizado (anexo IV ou anexo V).

Se é o caso, documentos acreditativos das baixas previstas no artigo 5º desta orde.

4. Relación nominal das persoas traballadoras contratadas polas cales se solicita subvención ata, cando menos, o 30 de xuño de 2008 (anexo VI), e a seguinte documentación:

a) Copia simple do DNI das persoas traballadoras contratadas.

b) No caso de contratacións iniciais, documentos acreditativos do tempo de permanencia como desempregada ou desempregado segundo os datos do informe de vida laboral na Tesouraría Xeral da Seguridade Social, copias dos contratos de traballo e altas na Seguridade Social e, de ser o caso, documentos acreditativos dos períodos de inscrición como demandantes de emprego na oficina pública de emprego.

c) No caso de transformacións, o contrato temporal de que trae causa e as súas posibles prórrogas, así como a comunicación da conversión do contrato temporal en indefinido á oficina pública de emprego e a comunicación de variación de datos á Seguridade Social.

5. Declaración comprensiva do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto polas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (anexo VII).

6. Declaración da estrutura da empresa e do emprego (anexo VIII).

7. Ficha de transferencia bancaria e certificación da entidade financeira acreditativa de que o solicitante é titular da conta (anexo IX).

8. Documentación acreditativa de se encontraren ao día das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e coa Seguridade Social e de que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da comunidade autónoma, unicamente no suposto de que o solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

#### Artigo 10º.-*Emenda da solicitude.*

Se a solicitude non estiver debidamente cuberta ou non se achegar a documentación exixida, as unidades administrativas encargadas da tramitación do expediente de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirán ao interesado para que, nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixer, se considerará desistido da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

#### Artigo 11º.-*Procedemento de concesión, resolución de recursos.*

1. O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao abeiro desta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que, polo obxecto e finalidade da subvención, non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

2. O órgano instrutor dos expedientes será nas delegacións provinciais da Consellería de Traballo os servizos de Promoción do Emprego e na Dirección Xeral de Promoción do Emprego o Servizo de Programación e Xestión.

3. Logo da fiscalización polas correspondentes intervencións, as resolucións serán ditas polo órgano correspondente e deberán serlles notificadas aos interesados. As resolucións, de concesións ou denegatorias, deberán ser sempre motivadas.

4. O prazo para resolver e notificar será de seis meses, que se computarán desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido nos artigos 1 e 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Artigo 12º.-*Xustificación do pagamento.*

1. De non achegarse con anterioridade, o pagamento das axudas ou subvencións quedará condicionado á presentación, no prazo, nos termos e na forma que se estableza na resolución de concesión, da documentación que se exixa de forma expresa nela, orixinal ou copia compulsada, entre a cal deberá figurar a seguinte:

a) Relación nominal da totalidade das persoas traballadoras contratadas como consecuencia da execución do plan de estabilidade, e agás que se presentase xunto coa solicitude, a seguinte documentación referente a cada unha delas:

-Copia simple do DNI das persoas traballadoras contratadas.

-No caso de contratacións iniciais, documentos acreditativos dos períodos de inscrición como demandantes de emprego na oficina pública de emprego, así como do tempo de permanencia no paro segundo os datos do informe da vida laboral na Tesouraría Xeral da Seguridade Social, copias dos contratos de traballo e altas na Seguridade Social.

-No caso de transformacións, o contrato temporal de que trae causa e as súas posibles prórrogas, así como a comunicación da conversión do contrato

temporal en indefinido á oficina pública de emprego e a comunicación de variación de datos á Seguridade Social.

b) Documentos TC2 correspondentes ás mensualidades que se indiquen na resolución de concesión, agás que xunto coa solicitude se achegasen todos os boletíns correspondentes ao período do cómputo para o cálculo do incremento do cadro de persoal ou, se é o caso, certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social en que conste o número de persoas traballadoras con contrato indefinido, o das persoas traballadoras con contrato de interinidade e das demais persoas traballadoras con contratos temporais en cada unha das ditas mensualidades no conxunto dos centros de traballo da empresa en Galicia.

c) Declaración da estrutura do cadro de persoal da empresa en Galicia no último mes de execución do plan, con indicación do número de traballadores fixos e temporais no conxunto dos centros de traballo da empresa en Galicia, con expresión da taxa de estabilidade acadada e o incremento que representa respecto do período de referencia.

d) Declaración complementaria da establecida no artigo 9º desta orde, do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas ou outros entes públicos, ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas e subvencións (anexo VII).

2. Non obstante o sinalado no punto anterior, a documentación exixida na fase de pagamento poderase presentar xunto coa solicitude, á opción do interesado. Neste suposto, poderán tramitarse conxuntamente a concesión e o pagamento da axuda.

3. Non poderá realizarse en ningún caso o pagamento da subvención en canto o beneficiario non se atope ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, e non teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

4. As empresas beneficiarias deberán presentar a documentación xustificativa para o pagamento no prazo establecido na resolución de concesión ou, se for o caso, ata o 14 de novembro de 2008.

#### CAPÍTULO IV

##### INCOMPATIBILIDADES E OBRIGAS

#### Artigo 13º.-*Incompatibilidades e concorrencia.*

1. As empresas que soliciten incentivos á contratación indefinida con orixe en plans empresariais de estabilidade laboral, durante o período de execución deste, non poderán solicitar outras axudas ou subvencións á contratación indefinida polas mesmas persoas traballadoras convocadas pola Consellería de Traballo.

2. As subvencións previstas nesta orde para as contratacións con orixe en plans empresariais de

estabilidade laboral serán incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento de emprego. As ditas axudas son compatibles, se é o caso, con incentivos en forma de bonificacións á Seguridade Social.

3. Os beneficios establecidos á contratación indefinida nesta orde non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 60% do custo salarial anual correspondente ao contrato que se subvenciona.

4. Os incentivos establecidos nesta orde serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados, sen que, en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 14º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

Son obrigas das empresas beneficiarias:

1. Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

2. Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polos beneficiarios e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financian a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

3. O sometemento ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Traballo, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4. Adoptar as medidas axeitadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Traballo, así como, se é o caso, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, nos termos establecidos no Regulamento (CE) nº 1828 da Comisión, do 8 de decembro de 2006, polo que se fixan normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) nº 1083/2006, do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e o Regulamento (CE) nº 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fon-

do Europeo de Desenvolvemento Rexional (DOUE L 45, do 15-2-2007).

5. Manter no seu cadro de persoal fixo as persoas traballadoras subvencionadas ao abeiro desta orde durante un período mínimo de 3 anos.

No suposto de extinción da relación laboral da traballadora ou do traballador polo cal se concedese a subvención, a cobertura do posto por unha nova persoa traballadora, que deberá reunir os requisitos da persoa traballadora substituída, terá que realizarse dentro do mes seguinte ao da baixa, feito que deberá ser comunicado pola empresa beneficiaria ao órgano competente que concedese a axuda, dentro dos 20 días seguintes á substitución. Esta nova contratación en ningún caso dará lugar a unha nova axuda de fomento da contratación indefinida.

Esta obriga manterase durante tres anos desde a data de realización do contrato indefinido obxecto de subvención.

6. Manter o número de persoas traballadoras fixas do seu cadro de persoal, en cómputo anual, durante polo menos tres anos, que se contarán desde o último mes en que se realicen contratacións.

7. Non modificar a composición da estrutura do cadro de persoal da empresa en Galicia, no seu cómputo anual, de xeito que non se produza unha diminución da taxa de estabilidade acadada polo menos nos 3 anos, desde o último mes en que se realicen contratacións.

8. Co fin de garantir o cumprimento do anterior, as empresas beneficiarias deberán presentar durante os tres anos posteriores ao de realización da última contratación, unha declaración da media de persoal traballador fixo e temporal no conxunto dos centros de traballo en Galicia nun período de 12 meses contados a partir do mes seguinte ao de realización da contratación, así como o TC2 correspondente ao último mes en que se efectuou a dita contratación.

Para cada ano en que se manteña esta obriga, o prazo para a presentación da devandita documentación será de tres meses contados a partir do último mes en que se realizase a última contratación.

#### Artigo 15º.-*Modificación da resolución de concesión.*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación.

#### Artigo 16º.-*Revogación e reintegro.*

1. Procederá a revogación das subvencións e axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, polo tanto, procederá o reintegro parcial das axudas, cando se produza algunha das seguintes circunstancias:

a) Cando a empresa beneficiaria incumpra a obriga establecida no artigo 14.5º desta orde, por cada contratación subvencionada e non substituída conforme o establecido no antedito artigo, procederá o reintegro da axuda concedida pola persoa traballadora de que se trate.

b) Cando en cómputo anual a taxa de estabilidade acadada se reduza, e esta diminución sexa como consecuencia dun incremento de emprego neto, procederá a devolución parcial da subvención concedida.

Para o cálculo da contía a reintegrar terase en conta a diminución en tramos de 5 puntos da taxa de estabilidade acadada que figura na resolución de concesión das axudas, de xeito que por cada minoración comprendida dentro do intervalo de 5 puntos se reintegrará o 10% de subvención concedida, e así sucesivamente.

Entenderase que se está ante un incumprimento total e, por tanto, procederá o reintegro total da axuda concedida, no caso de que a taxa de estabilidade acadada resulte inferior á taxa de estabilidade mínima establecida nos artigos 5.1º a) e 5.2º a) desta orde e, así mesmo, polo incumprimento das restantes obrigas establecidas no artigo 14º dela.

3. A obriga de reintegro establecida nos parágrafos anteriores enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

#### Artigo 17º.-Seguimento e control.

As delegacións provinciais e a Dirección Xeral de Promoción do Emprego poderán comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados. Para estes efectos os beneficiarios deberán cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.

#### Artigo 18º.-Réxime das axudas.

Nas axudas ás contratacións indefinidas, iniciais e por transformacións en indefinidos dos contratos temporais, que reúnan as condicións e requisitos establecidos nesta orde, e ata a autorización por parte da Comisión Europea das axudas notificadas, o pagamento queda sometido ao réxime de axudas *de minimis* nos termos establecidos no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do tratado CE ás axudas *de minimis*. Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución das solicitudes de subvención. Polo tanto, a axuda total *de minimis* concedida a unha empresa non será superior a 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais, ou a 100.000 euros no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte por estrada.

Por tratarse de axudas sometidas ao réxime de axudas *de minimis*, non poderá concederse a empresas dos seguintes sectores:

a) Pesca e acuicultura, segundo se contempla no Regulamento (CE) nº 104/2000 do Consello.

b) Produción primaria dos produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do Tratado.

c) Actividades relacionadas coa exportación a terceiros países ou estados membros cando a axuda estea vinculada directamente ás cantidades exportadas, á creación e funcionamento dunha rede de distribución ou a outros gastos de explotación vinculados á actividade de exportación.

d) Carbón, segundo se define no Regulamento (CE) nº 1407/2002.

e) No suposto das empresas que realicen por conta allea operacións de transporte por estrada, non poderán concederse axudas para a adquisición de vehículos de transporte de mercadorías por estrada.

f) Empresas en crise.

#### *Disposicións adicionais*

Primeira.-Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma, a Consellería de Traballo levará a cabo funcións de control, así como de avaliación e seguimento dos programas.

Para realizar as ditas funcións, poderanse utilizar cantos medios estean ao dispor da Consellería de Traballo para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Segunda.-A Consellería de Traballo poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nesta orde, agás aquela que, de acordo co artigo 35 f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xa se encontre en poder da administración actuante.

Terceira.-Apróbase a delegación de atribucións do conselleiro de Traballo nas delegadas e delegados provinciais, no ámbito das súas respectivas provincias, e no director xeral de Promoción do Emprego, para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, e para resolver os procedementos de reintegros das subvencións indebidamente percibidas polos seus beneficiarios, respecto das resolucións concesorias de que traen causa, ditadas por delegación do conselleiro.

Cuarta.-A comprobación da inscrición no Servizo Público de Emprego como demandante de emprego non ocupado, na data de alta na Seguridade Social dos traballadores e traballadoras, realizaraa directamente o órgano xestor das axudas, agás que a inscrición fose realizada noutro servizo público de emprego distinto da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para o caso de se solicitaren os incentivos previstos nesta orde pola transformación en indefinido dun contrato en prácticas, e a conversión se produza con anterioridade á súa duración mínima inicial de 12 meses, compensarase a parte da subvención concedida correspondente ao período non esgotado reducindo na mesma contía o incentivo pola transformación do contrato en indefinido.

Quinta.-A concesión das subvencións previstas na orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario. Se é o caso, e de acordo co disposto no artigo 31.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, publicarase mediante resolución do director xeral de Promoción do Emprego o esgotamento das partidas orzamentarias asignadas.

Sexta.-Cando se trate de empresas que se acolleron aos incentivos convocados no ano 2007 (Orde do 24 de maio de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos a plans empresariais de estabilidade laboral, cofinanciado polo Fondo Social Europeo e se procede á súa convocatoria para o ano 2007), para determinar o incremento da taxa de estabilidade e do emprego a que se refiren o artigo 5º e demais artigos concordantes desta orde, non se terán en conta as medias do período comprendido entre os meses de outubro de 2006 a setembro de 2007, senón que a referencia para determinar os incrementos exixidos serán os resultados acadados coa execución do plan no dito ano.

Sétima.-No exercicio económico 2008, as axudas recollidas nesta orde, entre outras, financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 16.02.322C.470.0, código de proxecto 2007 00 698, cun crédito de 1.709.402 euros; 16.02.322C.470.2, código de proxecto 2007 00 675, cun crédito de 3.792.691 euros; 16.02.322C.470.3, código de proxecto 2007 00 676, cun crédito de 10.000.000 euros; 16.02.322C.470.4, código de proxecto 2007 00 678, cun crédito de 6.000.000 euros; 16.02.322C.470.4, código de proxecto 2007 00 679, cun crédito de 8.351.519 euros; 16.02.322C.470.6, código de proxecto 2007 00 749, cun crédito de 6.000.000 euros; 16.02.322C.472.1, código de proxecto 2008 00 551, cun crédito de 4.820.142 euros; 16.02.322C.472.3, código de proxecto 2008 00 554, cun crédito de 3.781.345 euros; 16.02.322C.472.4, código de proxecto 2008 00 566, cun crédito de 1.326.593 euros; 16.02.322C.481.1, código de proxecto 2007 00 682, cun crédito de 300.000 euros.

Estas contías están recollidas na Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, e constitúen o importe global para o financiamento desta orde; da orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación por conta allea de persoas desempregadas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008; da orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación indefinida das mulleres como medida para lograr un mercado de traballo igualitario, cofinanciado polo Fondo Social Europeo,

e se procede á súa convocatoria para o ano 2008; da orde pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de incentivos á contratación por conta allea como medida para favorecer a inserción dos mozos e mozas, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008; da orde pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para o fomento da estabilidade no emprego, cofinanciados polo Fondo Social Europeo e se procede á súa convocatoria para o ano 2008; da orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2008 os incentivos á contratación dirixidos a favorecer a conciliación da vida laboral e familiar; da orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de axudas e subvencións ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008; da orde pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008; da orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción do emprego autónomo cofinanciado polo Fondo Social Europeo e se procede á súa convocatoria para o ano 2008; e das demais ordes que establezan as bases das medidas de fomento do emprego, incentivos á contratación por conta allea e actuacións de apoio a persoas emprendedoras e autoemprego, incluídos no programa orzamentario 322C.

Así mesmo, os créditos consignados nesta orde poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Oitava.-Os incentivos do programa de plans empresariais de estabilidade laboral regulados na presente orde están cofinanciados polo Fondo Social Europeo nunha porcentaxe do 80%, a través do Programa Operativo de Galicia do Fondo Social Europeo no marco de converxencia, aprobado pola decisión da Comisión Europea C (2007) 6733, do 18 de decembro de 2007, circunstancia que se fará constar en todas as resolucións de concesión.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o director xeral de Promoción do Emprego para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2008.

Ricardo Jacinto Varela Sánchez  
Conselleiro de Traballo



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO

ANEXO I

UNIÓN EUROPEA

Fondo Social  
Europeo



EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO <b>PROGRAMA DE INCENTIVOS A PLANS EMPRESARIAIS DE ESTABILIDADE LABORAL</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>TR345B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

## DATOS DA EMPRESA

NOME OU RAZÓN SOCIAL	CIF / NIF	Nº INSCRICIÓN EN LA S.S.		
DOMICILIO SOCIAL	Nº DE TRABALLADORES DA EMPRESA <sup>1</sup>			
LOCALIDADE/CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
ACTIVIDADE ECONÓMICA (DESCRICIÓN)	CNAE	DATA INICIO ACTIVIDADE		
CONVENIO COLECTIVO <sup>2</sup>	CORREO ELECTRÓNICO			

**E na súa representación:** <sup>1</sup> Número de traballadores da empresa no ámbito territorial de Galicia <sup>2</sup> Denominación e data de publicación

APELIDOS	NOME	DNI	TELÉFONO
ENDEREZO		CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA
CONCELLO	FAX	EN CALIDADE DE	

## DOMICILIO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO			
LOCALIDADE/CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

## Nº DE CONTRATACIÓN POLAS QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN

Nº CONTRATACIÓN INDEFINIDAS INICIAIS	Nº TRANSFORMACIÓN	TOTAL CONTRATACIÓN	TEMPO COMPLETO (1)	TEMPO PARCIAL (2)
--------------------------------------	-------------------	--------------------	--------------------	-------------------

(1) Número de contratacións a tempo completo.

(2) Número de contratacións a tempo parcial.

## DECLARA QUE:

- a) Todos os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
- b) A empresa reúne as condicións para poder ser beneficiaria dos incentivos de acordo co establecido no artigo 2º da orde de convocatoria e a previsión de contratacións que presenta se axusta ao disposto no artigo 3º da orde de convocatoria e executárase no prazo indicado nela.
- c) Non se incorre en ningunha das causas de incompatibilidade sinaladas no artigo 13º nin nas circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non concorre ningunha das causas de exclusión sinaladas no artigo 4º, e as contratacións polas que solicita subvención cumpren os requisitos e condicións establecidas nos artigos 3º e 5º da Orde de convocatoria.
- d) Indicar o que corresponda:
- Non solicitou nin percibiu ningunha outra axuda dunha administración ou entidade pública para o mesmo proxecto.
- Ter recibido ou solicitado as axudas que se indican na relación adxunta (anexo VII).
- Ten dereito á bonificación de cotas á Seguridade Social que constan no/s correspondente/s contrato/s de traballo.
- e) A empresa conta con <sup>1</sup>  centros de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo a seguinte distribución provincial:
- A Coruña <sup>1</sup>  Lugo <sup>1</sup>  Ourense <sup>1</sup>  Pontevedra <sup>1</sup>
- f) De conformidade cos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, AUTORIZO EXPRESAMENTE a Consellería á publicación no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial, e nos rexistros públicos correspondentes, dos datos de carácter persoal que exixen as referidas normas, referidos tanto á información sobre as axudas concedidas como ás sancións, que como consecuencia delas puideren impoñerse.
- g) Autoriza a obtención dos certificados establecidos no artigo 8º.5 da orde de convocatoria.

## e SOLICITA:

As subvencións correspondentes á contratación indefinida (inicial ou por transformación) de <sup>1</sup>  traballadores segundo os datos que figuran no recadro anterior, traballadores que se relacionan no anexo VI.

<sup>1</sup> Número

LEXISLACIÓN APLICABLE  <i>Orde do 19 de maio de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos a plans empresariais de estabilidade laboral, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008.</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA	RECIBIDO	DATA DE ENTRADA
	REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS
		DATA DE SAÍDA

- Delegado provincial de
- Director xeral de Promoción de Emprego
- Indicar cun X o órgano ao que se dirixe a solicitude

## ANEXO II

## PROGRAMA DE INCENTIVOS A PLANS EMPRESARIAIS DE ESTABILIDADE LABORAL

TR345B

EXPEDIENTE

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA  
(INDÍQUESE CUN X A QUE SE PRESENTA)

- SE O SOLICITANTE É PERSOA FÍSICA, DNI E ACREDITACIÓN DO NIF (ART.IGO 9º).
- SE O SOLICITANTE É PERSOA XURÍDICA, DNI E PODER SUFICIENTE DO REPRESENTANTE PARA ACTUAR EN NOME DA ENTIDADE E CIF DA EMPRESA (ARTIGO 9º).
- PREVISIÓN DAS CONTRATACIÓNS INICIAIS E TRANSFORMACIÓN DE CONTRATOS TEMPORAIS EN INDEFINIDOS DA EMPRESA EN GALICIA NO MODELO ANEXO III (ARTIGO 9º).
- DECLARACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DE TODOS OS CENTROS DE TRABALLO DA EMPRESA EN GALICIA, NO MODELO ANEXO IV OU V (ARTIGO 9º).
- SE É O CASO, DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DAS BAIXAS PRODUCIDAS POLAS CAUSAS PREVISTAS NO ARTIGO 5º (ARTIGO 9º).
- RELACIÓN NOMINAL DOS TRABALLADORES CONTRATADOS, NO MODELO ANEXO VI (ARTIGOS 9º E 12º).
- DNI DOS TRABALLADORES CONTRATADOS (ARTIGOS 9º E 12º).

NO CASO DE CONTRATACIÓNS INDEFINIDAS INICIAIS DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA (ARTIGOS 9º E 12º):

- DE SER O CASO, DOS PERÍODOS DE INSCRICIÓN COMO DEMANDANTE DE EMPREGO NA OFICINA PÚBLICA DE EMPREGO (SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO).
- DO TEMPO DE PERMANENCIA NO PARO SEGUNDO OS DATOS DO INFORME DA VIDA LABORAL NA TESOURARÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL.
- OS CONTRATOS DE TRABALLO.
- ALTAS NA SEGURIDADE SOCIAL.

NO CASO DE TRANSFORMACIÓNS DE CONTRATOS TEMPORAIS EN INDEFINIDOS (ARTIGOS 9º E 12º):

- CONTRATOS TEMPORAIS DE QUE TRAE CAUSA E AS SÚAS POSIBLES PRÓRROGAS.
- COMUNICACIÓNS DA CONVERSIÓN DO CONTRATO TEMPORAL EN INDEFINIDO Á OFICINA PÚBLICA DE EMPREGO.
- E, AS COMUNICACIÓNS DA VARIACIÓN DE DATOS Á SEGURIDADE SOCIAL.

- DECLARACIÓN COMPRENSIVA DO CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES EFECTUADAS PARA O MESMO PROXECTO ANTE AS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES OU OUTROS ENTES PÚBLICOS SEGUNDO MODELO ANEXO VII OU, NOUTRO CASO, DECLARACIÓN NO MODELO DE SOLICITUDE DE QUE NON SE SOLICITOU NIN PERCIBIU NINGUNHA AXUDA (ARTIGO 9º).
- DECLARACIÓN DA ESTRUCTURA DA EMPRESA E DO EMPREGO NO MODELO ANEXO VIII (ARTIGO 9º).
- FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA E CERTIFICACIÓN DA ENTIDADE BANCARIA ACREDITATIVA DE QUE O SOLICITANTE É TITULAR DA CONTA, SEGUNDO O MODELO ANEXO IX (ARTIGO 9º).
- DECLARACIÓN DA ESTRUCTURA DO CADRO DE PERSOAL DA EMPRESA EN GALICIA NO ÚLTIMO MES DE REALIZACIÓN DE CONTRATACIÓNS (ARTIGO 12º).
- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DE QUE SE ATOPAN AO DÍA DAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS, ESTATAIS E AUTONÓMICAS, E COA SEGURIDADE SOCIAL E DE QUE NON TEÑEN PENDENTE DE PAGAMENTO NINGUNHA OUTRA DÉBEDA COA ADMINISTRACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA, NO SUPOSTO DE QUE O SOLICITANTE DENEGASE EXPRESAMENTE A AUTORIZACIÓN AO ÓRGANO XESTOR PARA SOLICITAR AS CERTIFICACIÓNS (ARTIGO 9º).

\* A documentación exixida no art. 9º ten que presentarse xunto coa solicitude.

\* A documentación exixida no art. 12º é necesaria para proceder ao pagamento da subvención; non obstante e para axilizar a tramitación do expediente, poderá ser presentada xunto coa solicitude, á opción do interesado.

## ANEXO III

PREVISIÓN DE CONTRATACIÓN INDEFINIDAS  
TR345B

EXP. Nº

NOME OU RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA

## CENTROS DE TRABAJO DA EMPRESA EN GALICIA

DOMICILIO	PROVINCIA	CONCELLO	MEDIA TRABALLADORES FIXOS	MEDIA TRABALLADORES TEMPORAIS	PREVISIÓN CONTRATACIÓN INDEFINIDAS

(1) **MEDIA DO CADRO DE PERSOAL NO CONXUNTO DOS CENTROS DE TRABAJO EN GALICIA NO PERÍODO OUTUBRO 2006 - SETEMBRO 2007 E MEDIA DA TAXA DE ESTABILIDADE (OU, SE É O CASO, DATOS DOS RESULTADOS ACADADOS COA EXECUCIÓN DO PLAN DO ANO 2007).**

TRABALLADORES FIXOS	TRABALLADORES TEMPORAIS	TOTALIDADE CADRO DE PERSOAL	TAXA ESTABILIDADE

(1) Estes datos deben ser coincidentes cos que figuran no anexo IV ou, se é o caso, V.

## Nº DE CONTRATACIÓN INDEFINIDAS PREVISTAS E CALENDARIO DE EXECUCIÓN

MES	Nº DE CONTRATACIÓN INICIAIS	Nº DE CONVERSIÓN EN INDEFINIDOS	MES	Nº DE CONTRATACIÓN INICIAIS	Nº DE CONVERSIÓN EN INDEFINIDOS
OUTUBRO 2007			ABRIL 2008		
NOVEMBRO 2007			MAIO 2008		
DECEMBRO 2007			XUÑO 2008		
XANEIRO 2008			XULLO 2008		
FEBREIRO 2008			AGOSTO 2008		
MARZO 2008			SETEMBRO 2008		
			TOTAIS		

## ESTRUTURA DO CADRO DE PERSOAL DA EMPRESA EN GALICIA NO ÚLTIMO MES DE REALIZACIÓN DE CONTRATACIÓN

Nº TRABALLADORES FIXOS (1)	Nº TRABALLADORES TEMPORAIS (1)	TAXA DE ESTABILIDADE ACADADA	INCREMENTO QUE REPRESENTA (2)	ÚLTIMO MES DE CONTRATACIÓN

(1) Os traballadores con contratos de interinidade para substituír traballadores fixos con reserva de posto de traballo incluíranse como fixos e non como temporais.

(2) Indicar o incremento que representa respecto da de referencia reflectida neste anexo.

A/s persoa/s que asina/n este documento, no seu nome e na representación que desempeñan, declaran que os datos consignados son certos e responden á previsión de contratación na empresa de referencia e comprométese a cumprir as obrigas de mantemento da taxa de estabilidade e do incremento do emprego nos termos establecidos na orde de convocatoria.

Lugar e data

, de de 200

Representantes dos traballadores  
(Nomes, apelidos e sinatura)

Representante da empresa  
(Nomes, apelidos e sinatura)

Asdo.

Asdo.

## ANEXO IV

PROGRAMA DE INCENTIVOS A PLANS EMPRESARIAIS DE ESTABILIDADE LABORAL  
TR345B

EXPEDIENTE

DECLARACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DE TODOS OS CENTROS DE TRABALLO DA EMPRESA EN  
GALICIA NO PERÍODO DE REFERENCIA

NOME OU RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA

## CADRO DE PERSOAL DE TODOS OS CENTROS DE TRABALLO DA EMPRESA EN GALICIA

MESES	Nº TOTAL DE TRABALLADORES <sup>(1)</sup>	Nº DE TRABALLADORES TEMPORAIS <sup>(2)</sup>	Nº DE TRABALLADORES FIXOS <sup>(2)</sup>	Nº DE BAIXAS POR ALGUNHA DAS CAUSAS PREVISTAS NO ART. 5º <sup>(3)</sup>
OUTUBRO 2006	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOVEMBRO 2006	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
DECEMBRO 2006	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
XANEIRO 2007	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
FEBREIRO 2007	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
MARZO 2007	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ABRIL 2007	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
MAIO 2007	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
XUÑO 2007	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
XULLO 2007	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
AGOSTO 2007	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
SETEMBRO 2007	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<b>TOTAIS</b>	A <input type="text"/>	B <input type="text"/>	C <input type="text"/>	D <input type="text"/>

<sup>(1)</sup> Deberán incluírse todos os traballadores polos cales se cotizou segundo o TC2 no correspondente mes e respecto de todos os centros de traballo que teña a empresa na Comunidade Autónoma de Galicia, na primeira columna o total, na segunda os temporais e na terceira os fixos.

<sup>(2)</sup> Os traballadores con contratos de interinidade para substituír traballadores fixos con reserva do posto de traballo inclúiranse na columna terceira: nº de traballadores fixos. E non se incluírán na columna correspondente ao número de traballadores temporais.

<sup>(3)</sup> Baixas dos traballadores con contrato indefinido que se producen por propia vontade ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou grande invalidez legalmente recoñecidas no correspondente mes.

## MEDIA DO CADRO DE PERSOAL NO PERÍODO DE REFERENCIA

TAXA DE ESTABILIDADE	MEDIA DO CADRO DE PERSOAL FIXO PARA OS EFECTOS DE DETERMINAR QUE CONTRATACIÓNES PODERÍAN SER SUBVENCIONABLES
MEDIA DA TOTALIDADE DO CADRO DE PERSOAL (A:12): <input type="text"/>	MEDIA DO PERÍODO (C-D):12: <input type="text"/>
MEDIA DOS TRABALLADORES TEMPORAIS (B:12): <input type="text"/>	
MEDIA DOS TRABALLADORES FIXOS (C:12): <input type="text"/>	
MEDIA TAXA DE ESTABILIDADE (% DA MEDIA DE TRABALLADORES FIXOS SOBRE A MEDIA DA TOTALIDADE DOS TRABALLADORES): <input type="text"/>	

A persoa que asina, no seu nome e no da entidade que representa, declara que os datos consignados son certos e que responden á evolución do cadro de persoal no conxunto dos centros de traballo da empresa en Galicia.

Lugar e data

, de de 200

(Nome e apelidos e sinatura do/a representante da empresa e selo da empresa)

Asdo.:

## ANEXO V

PROGRAMA DE INCENTIVOS A PLANS EMPRESARIAIS DE ESTABILIDADE LABORAL  
TR345B

EXPEDIENTE

DECLARACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DE TODOS OS CENTROS DE TRABALLO DA EMPRESA EN  
GALICIA SEGUNDO OS RESULTADOS DO PLAN DE ESTABILIDADE EXECUTADO NO ANO 2007

(Este anexo só o cubrirán as empresas que no ano anterior executaron un plan de incremento da estabilidade laboral, acollido á Orde do 24 de maio de 2007)

NOME OU RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA

## PLAN DE ESTABILIDADE DO ANO 2007

Nº EXPEDIENTE:

TR 345B

PROVINCIA/S CENTROS DE TRABALLO

DECLARACIÓN DA ESTRUCTURA DO CADRO DE PERSOAL DO EMPREGO EN GALICIA NO ÚLTIMO MES DE  
EXECUCIÓN DO PLAN DE ESTABILIDADE DO ANO 2007

TAXA DE ESTABILIDADE ACADADA:	
ÚLTIMO MES DE EXECUCIÓN DO PLAN	
NÚMERO TRABALLADORES FIXOS	
NÚMERO TRABALLADORES TEMPORAIS	
NÚMERO TOTAL DE TRABALLADORES	

DECLARACIÓN DO NÚMERO DE BAIXAS PRODUCIDAS POR ALGUNHA DAS CAUSAS PREVISTAS NO  
ARTIGO 5º DESDE O MES SEGUINTE AO ÚLTIMO DA EXECUCIÓN DO PLAN DE ESTABILIDADE DO ANO  
2007, CON INDICACIÓN DAS MENSUALIDADES EN QUE SE PRODUCIRON <sup>(1)</sup>.

MENSUALIDADE	NÚMERO DE BAIXAS

<sup>(1)</sup> Baixas dos traballadores con contrato indefinido que se produciron por propia vontade, ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou grande invalidez legalmente recoñecidas no correspondente mes.

A persoa que asina, no seu nome e no da entidade que representa, declara que os datos consignados son certos e responden aos do cadro de persoal no conxunto dos centros de traballo da empresa en Galicia, no último mes de execución do plan do ano .

Lugar e data

, de de 200

(Nome e apelidos e sinatura do/a representante da empresa e selo da empresa)

Asdo.:



## ANEXO VII

DECLARACIÓN EXPRESA DOUTRAS AXUDAS E DE AXUDAS EN RÉXIME DE *MINIMIS*

EXP. Nº

PROCEDEMENTO

CÓDIGO DO PROCEDEMENTO

Don/Dona \_\_\_\_\_, con DNI nº \_\_\_\_\_

nome e representación da entidade \_\_\_\_\_

con NIF/CIF nº \_\_\_\_\_ en calidade de \_\_\_\_\_

## DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que para a mesma actividade ou proxecto esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a seguir:

AXUDAS		ANO	ORGANISMO	IMPORTE €	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA
SOLICITADA	CONCEDIDA					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					

## DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que esta entidade ten concedidas en réxime de *minimis* (Regulamento (CE) nº 1998/2006), neste ano e nos dous anteriores as seguintes axudas:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE €	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA
<input type="checkbox"/>				
<input type="checkbox"/>				
<input type="checkbox"/>				
<input type="checkbox"/>				
<input type="checkbox"/>				
<input type="checkbox"/>				

Así mesmo, o/a solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

E para que así conste ante o órgano competente, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(Sinatura e selo da entidade)

## ANEXO VIII

## DECLARACIÓN DA ESTRUTURA DA EMPRESA E DO EMPREGO

EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO

CÓDIGO DO PROCEDEMENTO

D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI nº \_\_\_\_\_  
 en nome e representación da entidade \_\_\_\_\_  
 con NIF/CIF nº \_\_\_\_\_ en calidade de \_\_\_\_\_

## DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE QUE:

• A empresa que represento:

- Ten a condición de PEME (1).  
 Non ten a condición de PEME.

• Data de inicio da actividade: \_\_\_\_\_

• Os empregos creados polos que se solicita a axuda:

- Non están ligados a un investimento.  
 Están ligados a un investimento (2).

Contía do investimento: \_\_\_\_\_

Data de finalización do proxecto de investimento: \_\_\_\_\_

Nº empregos xerados polo investimento: \_\_\_\_\_

Nº empregos anteriores ao investimento: \_\_\_\_\_

• A empresa comprométese a manter no seu cadro de persoal os traballadores contratados durante o período e nos termos establecidos para o correspondente programa na orde de convocatoria.

• Así mesmo, no caso de empregos vinculados a un investimento, comprométese a manter os postos de traballo durante un período mínimo de 5 anos.

E para que así conste ante o órgano competente, asina a presente declaración no lugar e data abaixo indicados.

*Lugar e data*

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 200

(Sinatura e selo da entidade)

(1) *Definición de PEME segundo a Recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio de 2003 (DOUE 124/36, do 20 de maio de 2003):* terán esta consideración as unidades económicas con personalidade xurídica propia que cumpran coas seguintes condicións:

- a) Que teñan menos de 250 traballadores.
- b) Que teñan un volume de negocios anual non superior a 50 millóns de euros, ou ben un balance xeral anual, activo total, non superior a 43 millóns de euros.
- c) Que cumpran o criterio de independencia, tal e como se define a seguir:  
 Que o seu capital ou os seus dereitos de voto no pertencen en máis dun 25% conxunta ou individualmente a empresas que non respondan á definición de PEME, salvo que éstas sexan sociedades públicas de investimento, sociedades de capital risco ou investidores institucionais, sempre que estes non exerzan individual ou conxuntamente ningún control sobre a empresa.
- d) Para o cálculo dos límites das letras a) e b) anteriores, engadiranse as cifras correspondentes da empresa beneficiaria ás de todas as empresas en que posúa directa ou indirectamente o 25% ou máis do seu capital ou dos seus dereitos de voto.

(2) *Empregos ligados a un investimento:* considerarase que un emprego está vinculado á execución dun proxecto de investimento sempre que se refira á actividade a que se destina o investimento e a súa creación prodúcese nos tres primeiros anos a partir da realización íntegra do investimento. Ao longo deste período, tamén están vinculados ao investimento os postos de traballo creados como consecuencia dun aumento da taxa de utilización da capacidade creada polo dito investimento.

## ANEXO IX

## FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

EXPEDIENTE

TITULAR DA CONTA		DNI/NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO			
<input type="text"/>			
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<b>DATOS BANCARIOS</b>			
CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
BANCO	ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

**CERTIFICO:**

Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e número de conta.

*Lugar e data*

, de de 200

SINATURA DO/A SOLICITANTE

SINATURA E SELO DA ENTIDADE FINANCEIRA

**CENTRO INFORMÁTICO PARA  
A XESTIÓN TRIBUTARIA,  
ECONÓMICO-FINANCEIRA  
E CONTABLE**

*Resolución do 12 de maio de 2008 pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por este ente público no primeiro cuadrimestre do ano 2008.*

Para os efectos previstos no artigo 11.1º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública Galega, acórdase dar publicidade aos convenios de colaboración, previstos no artigo 3.1º c) do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, subscritos polo Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) nos meses de xaneiro, febreiro, marzo e abril do ano 2008, e que se relacionan no anexo a esta resolución.

## ANEXO

Nº 1.

Título: acordo de desenvolvemento para a adhesión do Cixtec ao Convenio entre a Xunta de Galicia e a Fábrica Nacional de Moeda e Timbre (FNMT) Real Casa da Moeda, para a prestación de servizos de certificación de sinatura electrónica e outros servizos relativos á administración electrónica.

Obxecto: a adhesión ao mencionado convenio para a prestación de servizos de certificación de sinatura electrónica e outros servizos relativos á administración electrónica.

Sinatura: 28 de xaneiro de 2008.

Importe: 20.539,66 €.

Nº 2.

Título: convenio marco de colaboración entre o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Eco-